

Frei Martín Sarmiento e o Mosteiro de Lérez

Francisco Carballo. Marín

Frei Martín Sarmiento, monxe bieito, é tan nominalmente coñecido como descoñecido na súa vida e obras de creación. Frei Martín é un "ilustrado" do s. XVIII, un filólogo, un científico, o pontevedrés máis amante da cidade, un pre-nacionalista galego. Figura inqueda, creativa, provocativa.

Naceu en Vilafranca do Bierzo, 9.III-1695, 4º fillo de Alonso García Gosende, mestre-canteiro de Cerdedo e de Clara Balboa Sarmiento, do señorío abacial de Samos. Pais e os catro fillos establecéronse en Pontevedra no mes de xullo do 1695. Viven na rúa da Palma da parroquia de San Bartolomeu o Vello. En Pontevedra naceron dous fillos máis.

O neno Pedro Garcia Balboa (de monxe Frei Martín Sarmiento) aprende a escribir na casa e a debuxar co seu pai. Non quería ir á escola. A nai presiónao, entra no colexio dos PP. Xesuitas; prosegue o ensino de "avezar" e pasa ao de Gramática. Alumno dos xesuítas ata 1710. Ingresas, nese ano, no mosteiro beneditino de San Martín en Madrid.

Perucho (o monxe Frei Martín) lembra datos da súa infancia do ano 1698, e, sobre todo, de 1702: ano da batalla de Rande. Pontevedra vese ameazada. Perucho foxe por Sta. Clara a Tenorio. Alí pide de comer e os monxes dánlle castañas asadas. Por primeira vez vira aos monxes con cogula negra nunha procesión de rogativas. Eran de Lérez e causáronlle atracción. Mais daquela os mosteiros bieitos non podían aceptar novicios de cercanías. Nin Poio, nin Lérez o admitían. Viaxa e ingresa en Madrid, no mosteiro de San Martín.

Un ano de novicio; cursa Artes (Filosofía) en Iratxe- un centro parauniversitario- en Navarra-1711-1714. Remata Artes e quere elaborar un vocabulario de latín, galego e castelán. Estuda teoloxía no mosteiro de San Vicente, en

Salamanca, (1714-1717) e perfecciona os estudos en Eslonza, (León),. Era un mosteiro da "elite" intelectual de bieitos, dos que a gran maioría só acadaba estudos elementais. Sarmiento en Eslonza cultiva as matemáticas, as linguas orientais e inventa un taboleiro de "Rithmimaquia"

Ordénase de presbítero.

De 1720 até o falecemento é un monxe de actividade múltiple: docente, investigador,, cronista, proxectista etc. Dótase dunha gran biblioteca, de instrumental científico e crea ao seu arredor unha academia de sabios . Iso comezou en Ovieu, 1723. Alí, no mosteiro de San Vicente, vivía B. Feixóo de Montenegro: surxe entre os dous unha amizade para sempre. Mais no 1725 ten que voltar ao seu mosteiro de Madrid como "Lector de Teoloxía Moral"

Ía vivir no seu mosteiro 47 anos: só tres viaxes a Galiza: 1925, xuño-outubro; 1745-1746, sete meses; 1754-1755, 18 meses. Na primeira viaxe, desde Asturias, habita na casa da nai-o pai falecera. Nas dúas seguintes faino na do seu irmán Francisco Xavier.



Carballo de Stª. Margarida a principios do século XX

Obra cultural

Desde 1728 asume o compromiso de edición das obras de B.Feixóo. No 1732 sae en defensa do seu amigo: Demostración crítico-apologética de el Teatro Crítico Universal do P. Feixóo. É a única obra persoal que da a imprenta.

Da súa inmensa produción manuscrita manda facer copia en 18 vs. o Duque de Medina Sidonia a arquivar e que se garda na gran biblioteca ducal de Medina Sidonia e no Museo de Pontevedra. O Consello de Cultura Galega intenta editar a obra completa de Martín Sarmiento.

Mentres, podemos entrar no mar cultural de Sarmiento grazas a J.Luis Pensado, editor das seguintes obras:

Colección de voces y frases gallegas, Salamanca, 1970

Catálogo de voces y frases de la lengua gallega, Salamanca, 1972

Viaje a Galicia, 1745, Salamanca, 1975

La Educación de la juventud, Santiago, 1984

Catalogo de Voces y en especial de Voces vulgares gallegas de diferentes vegetales, Salamanca, 1986.

Noticia de la verdadera patria (Alcalá) de Miguel de Cervantes, Santiago, 1987

De los atunes y de sus diferentes transmigraciones y Sobre el modo de aliviar la miseria de los pueblos, Santiago, 1992

Escritos sobre el "Meco" y la "Cruz de ferro", Salamanca, 1992

Traducción de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de Agricultura al Castellano. A Coruña, 1995

Escritos geográficos de Fr.M. Sarmiento, Santiago, 1996

Onomástico etimológico de la Lengua Gallega, 2 ts. A Coruña, 1999.

Coplas e 24 Galegos, ed.varias.

Parte da súa obra está sen editar: cartas, desenhos, tratados científicos, históricos etc Sarmiento ensaiou en lingua galega unha composición literaria, xogo e artificio de asociación de ideas para un proxecto etimolóxico galego: COPLAS, COLOQUIO DE 24 GALEGOS RÚSTICOS.. Son mil duascenas coplas escritas nun galego didáctico, o que falaba Marcos da Portela, campesiño de Mourente, a admirar por Sarmiento. Obra de influencia decisiva no "Rexurdimento" galego no s. XIX.



Placa alusiva a Sarmiento no mosteiro de Lérez

○ mosteiro de Lérez

Que relacións tivo Pedro Garcia Balboa-Frei Martín Sarmiento- con Lérez.?. Nos muros do mosteiro aparece como estudante.. É unha afirmación da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra; afirmación a repetir por escritores mesmo na actualidade. Mais non ten base documental, nin posibilidade cronolóxica. Inda máis: din que alí tivo de mestre a Feixoo. Este célebre ilustrado galego, 1676-1764, foi alumno de Artes en Lérez , 1691-1694.; logo pasou a Salamanca e a Eslonza. No 1700 ven de lector de Filosofía a Lérez, e de 1703 a 1706 segue en Lérez como mestre de filósofos. Neste ano é trasladado a Poio como mestre de teólogos. E , co mesmo oficio, a Ovieu no 1709.

Feixóo foi alumno de Artes en Lérez antes de nacer Sarmiento; profesor de filosofía no

mosteiro seis anos, 1700-1706: o neno Perucho refusaba a escola e só logran matricularlo nos xesuítas., de Pontevedra. Sarmiento da datos de todos os anos de estudo na escola de avezar e de gramática cos xesuítas. Nunca menciona relacións co mosteiro de Lérez na súa infancia. Tal mosteiro non daba escola de avezar, nin de gramática; podía exceptuar a postulantes sen eses estudos completos. Non era o caso de Pedro Garcia Balboa, a quen non podían recibir de monxe..

Na viaxe a Galiza de 1945, (ed. de J.L Pensado, 1975, p. 56) escribe Sarmiento: " Estiven 4 días en Lérez (mosteiro), o día de San Bieito de xullo. Vin o arquivo, e ten poucos pergamiños. A fundación é de Ordoño II, era 924",

Tal fundación fora de monxes da regra de San Frutuoso, que adoptaron máis tarde a de San Bieito e no 1547 acataron a disposición papal e real de unirse á federación beneditina de San Bieito de Valladolid. Como Lérez, todos os mosteiros beneditinos galegos foron unidos a esa reforma castelá, quedaron privados de acceso a cargos maiores ata que lograron bulas papais, 1710 e 1749, de igualación. Así o monaquismo

bieito galego converteuse en sucursal: as dúas terceiras partes dos monxes procedían de fora de Galiza e moitos galegos tiveron que ingresar en mosteiros doutros reinos.

Continúa Sarmiento: "O couto comezaba desde Alba, río, ata perto de Xeve, e de alí polo río, perto do castelo "Cito facta", Guixilde, río "Causso", Gato Morto, Armata de Castiñeira, "et per illam antam, quae stat in illo fontano...de Vilaverde. Et inde per médium flumen de Lérez ad locum ubi Elva se intrat in Lerz, Gandera, portum de Sena, Portum de Elva, onde comezou"

Elva é Alba; este couto de Lérez, no s. XIX parroquia do concello de Alba, e, desde 1868, de Pontevedra, foi obxecto de estudo de Sarmiento que o recorreu en todas as direccións.

Volta a Lérez o 22 de outubro: " O sábado 23 pola mañá redaron o río Lérez e eu subín en barco río arriba ata perto dos Muiños, a ver botar as redes e traelas río abaixo. Botáronse tres lances e colleron moitos "reos" e algunhas troitas...O luns subín ao último do castelo de Citofacta, hoxe "Cedofeita"...É unha vista amenísima" (ib. P. 144)



Vista do mosteiro de Lérez

Seguidamente, Sarmiento recolle datos do couto , rexistra os marcos dos límites, todos coas letras C R F que interpreta como "Cauti regalis fitum", fito do couto real. Sarmiento corrixe a súa anterior impresión dun arquivo de poucos pergamíños , agora di: "Hai moitísimos pergamíños, da era 954 a de 1376.

Se a Lérez dedica Sarmiento atención histórica e paisaxística, a Poio faino na mesma intensidade. Son dous mosteiros á beira de Pontevedra. Poio con ampla presenza no Salnés, no Morrazo e na illa de Tambo; Lérez na cidade de Pontevedra. A xornada en Poio (ib., p. 126) permítelle o ascenso ao Castrove. Considera que desde o cumio se obtén o panorama máis amplo e fermoso de Galiza: "En todo canto andei da mariña, desde a ponte de Ferrol ata a Guarda e Tui, non atopo "punto de visión" máis primoroso que este sitio do Castrove. Descúbrese un horizonte de case 8 ou 10 leguas de diámetro". Sarmiento era cronista da orde beneditina, recollía datos para a política relixiosa do intre, para a defensa dos desposos forais á fidalguía, das propiedades etc. Mais é sempre o observador de múltiples olladas: estéticas, económicas, sociais..

Goda

Quero terminar esta evocación de Martín Sarmiento con dúas suxestións.

A primeira: Sarmiento viviu 15 anos seguidos en Pontevedra. Era un rapaz inqueda e superdotado. Observou con amor a vida dos campesiños- o pai tiña casa agraria en Cerdedo e adquiriu granxa en Sta. Margarida-, dos comerciantes e dos mariñeiros do peirao. Para todos redactou informes como fisiócrata e ilustrado. 47 anos de vida en Madrid, foron 47 anos de suspiro por Galiza. Intentou ano tras ano voltar e confiaba nun eremitorio no Castrove. Non foi realizábel. No epígrafe funerario consta como "GALEGO". Porque ao igual que Feixóo, firmaba: galego de nación, do reino de Galicia, a miña patria.

Segunda: Sarmiento é un conservador social; propón unha Galicia utópica Sentíase o "aethóphilo" - o amante da verdade- a elevar o galego á dignidade científica como lingua do país, e a introducir a ciencia no rural e na cidade. A ciencia para homes e mulleres, en igual dignidade, nunha Galiza necesitada de xustiza e sabedoría.



Debuxo de Fernando M. Vilanova